

FUNDACIÓN EROSKI LANZA UNHA NOVA EDICIÓN DO SEU "PROGRAMA EDUCATIVO EN ALIMENTACIÓN E HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES" RENOVADO A FORMATO DIXITAL POLA COVID-19

- Este ano amplíase a oferta de contidos a alumnos de educación infantil con contos e actividades adaptadas ao seu nivel
- Os contidos están dirixidos a centros escolares e este ano tamén se ofrecen módulos a familias
- Nova versión dixital do exitoso obradoiro "O Chef da Clase" en colaboración co Basque Culinary Center
- O *Programa Educativo en Alimentación e Hábitos de Vida Saudables* (PEAHS) da Fundación EROSKI conta con numerosos recoñecementos, entre eles "O Chupete" do Festival Internacional de Comunicación Infantil e o Premio NAOS outorgado polo Ministerio de Sanidade e Consumo

Elorrio, 15 de outubro do 2020.– A [Escola de Alimentación da Fundación EROSKI](#) inicia o novo curso escolar 2020-2021 coa IX edición do *Programa Educativo en Alimentación e Hábitos de Vida Saudables* (PEAHS), un programa renovado a formato dixital co fin de facilitar o acceso aos seus contidos na actual situación de pandemia.

Amais de lles ofrecer o acceso aos materiais aos centros educativos coma decote, esta edición do PEAHS tamén permite o acceso das familias aos seus contidos a través do "Plan Familias" de EROSKI Club. Pola súa banda, as escolas interesadas en participar no PEAHS durante este curso 2020-2021 pódense inscribir a través de www.escueladealimentacion.es

"O noso programa educativo ten como finalidade sensibilizar os nenos e nenas e o seu contorno sobre a importancia de levaren unha alimentación equilibrada e uns hábitos de vida saudables para tratar de frear a crecente taxa de obesidade infantil. Trátase dunha proposta á súa medida que lles ensina a comer san e a medrar fortes, e que este ano volvemos presentar con novidades para adecualo á nova realidade que nos está a tocar vivir pola COVID-19, que precisamente puxo en valor a importancia de manter hábitos de vida saudables", sinalou o director da Fundación EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Outra das novidades deste curso é que os contidos están dirixidos non só aos escolares de primaria (6-12 anos), coma ata agora, senón tamén a alumnos de educación infantil (3-6 anos) de todos os centros escolares de España. Todos eles poden acceder a contos, actividades experimentais e sensoriais, xogos para a clase e para facer en familia e a cómics especificamente deseñados para cada nivel.

Os contidos actuais do Programa buscan formar o alumnado nos elementos básicos dunha alimentación equilibrada, en hábitos de vida saudables, no coñecemento de produtos locais, nas dietas de diferentes culturas do mundo e na sustentabilidade do planeta, e ademais incorporouse un xogo interactivo con retos e premios centrado na promoción da alimentación equilibrada con diferentes niveis de dificultade adaptados aos rangos de idade de 6 a 8 anos, de 8 a 10 anos, e de 10 a 12 anos.

[Unicef](#), [WWF](#) e a [Fundación Española do Corazón](#) son colaboradores da Escola de Alimentación de EROSKI e contribuíron á definición de parte dos contidos do programa. Tamén se está a desenvolver unha nova versión dixital do obradoiro "[O Chef da Clase](#)", que ensina a elaborar un menú semanal saudable e que se leva a cabo en colaboración co [Basque Culinary Center](#).

A iniciativa PEAHS, que xa chegou a máis dun millón de escolares dende a súa posta en marcha no 2012, enmárcase dentro dos [compromisos pola Saúde e a Sustentabilidade](#) de EROSKI na súa referencia á prevención da obesidade infantil. O programa foi configurado por un comité científico formado por profesionais de diferentes disciplinas: medicina e pediatría, nutrición e dietética, psicopedagogía e pedagogía. *"Año tras año o programa medra e mellora os seus contidos a partir das valoracións e achegas realizadas polos docentes que xa participaron"*, explicou o director da Fundación EROSKI.

Recoñecementos á promoción de hábitos saudables

O programa formativo da Fundación EROSKI para promover unha alimentación máis saudable conta con numerosos recoñecementos. Entre eles, o [Premio "O Chupete"](#) do Festival Internacional de Comunicación Infantil en recoñecemento á comunicación dirixida a menores; o [Premio NAOS](#) outorgado polo Ministerio de Sanidade e Consumo en recoñecemento á súa achega á saúde dos consumidores e á difusión de hábitos de vida saudables; o [Selo Gosasun de Innobasque](#) (Axencia Vasca de Innovación); o [Premio Ciudadán](#) na categoría de Saúde e Calidade de Vida; o [Premio do Centro Catalán da Nutrición](#) (CCNIEC); e mais o [Premio OCARE](#) á "Mellor campaña de comunicación RSC coa sociedade civil".

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)